



E certo que cha pedín
e non a poden tragar,
qu'era de fariña ardida,
estaba sin pineirar-e.

É certo que mo pedistes
e eu díxenche que non,
quedastes con ela dreita
furando no pantalón.

Co teu modo de cantar
coll'un sest'e vai a bosta,
parecéstem'unha craba
que matan'os cans na costa.

Tés unha camisa nova,
sei que che vén de Madrí,
o defunto qu'a gastaba
era mais home que ti.

Por correr a carambana
fostes vende-la chaqueta
á feiriña da Choupana.

Se vendín a chaquetiña
porque me dou unha onza,
e tí andabas sin ela
cos osos dando vergonsa.

Vaite cos demos Liborio,
que ch'encontrei no camiño,
se me bebéste-la caña
tamén ch'eu bebín'o viño.

O meu amor é xalleiro
ghasta calsón de lan rusa,
así me ghustaba a min-he
cousa barata e que lusa.